



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

CIRCULAR INICIO CURSO 2021-2022

VANTAXES SOCIOS DA A.N.P.A

- **Matrícula de balde** en actividades extraescolares da ANPA.
- **Descontos** en establecementos.
- Prioridade e descontos no **campamento**.
- **Subvención** nalgunhas saídas de actividades complementarias do centro.
- Entrega de **calendario 2021-2022**.
- **Prioridade e descontos** en actividades organizadas pola FANPA (ludotecas, obradoiros, actividades extraescolares, ...)
- Subvención parcial da viaxe de fin de curso (se as circunstancias sanitarias o permiten).

IMPORTANCIA DA A.N.P.A

- Representa ás familias ante os organismos: Concello, Centro escolar, Xunta de Galicia...
- Organiza / xestiona as actividades extraescolares
- Sen ela non habería nen madrugá nen comedor.
- Organizan actividades no centro: chocolatada, campamento, cross escolar, festa de fin de curso, charlas, talleres, ...

COTA DA A.N.P.A

O importe para o curso 2021-2022 da cota da ANPA será de **20€ por familia**. O prazo para pagar a cota rematará o **31/10/2021**. Este prazo é **improrrogable** e non se admitirán pagos fora de prazo. O pago do importe da cota deberase facer mediante transferencia (no caso de non optar pola domiciliación bancaria) á conta que se especifica no formulario de inscrición.

No caso de contratación do seguro de accidentes opcional nas actividades do centro e da ANPA, o importe da cota (20€) deberase incrementar en 6€ por alumno ou alumna.

No concepto ou observacións do ingreso ou transferencia deberá constar os apelidos e nomes **dos nenos** (non o dos pais) e o motivo do ingreso. Por exemplo:

NADAL GÓMEZ, RAFAEL E PATRICIA - Cota ANPA (e seguro)

IBAN (Caixabank): **ES54-2100-4781-1702-0015-6775**

Deberá cubrir o impreso de socio con **tódolos datos** e a sinatura de todos os titores, e entregar o **orixinal** na caixa do correo da ANPA ou envialo escaneado ao correo electrónico da ANPA antes do 31 de outubro de 2021. Deberá gardar o resguardo porque é o xustificante de ter pagado a cota da ANPA para o curso 2021 – 2022 e volo pedimos. As **familias que foron socias no curso pasado (2020-2021) non teñen que presentar o formulario** se non se produciron cambios nos datos que contén (sen contar o cambio de curso do alumnado).



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

Tamén se pode facer o pago por domiciliación bancaria, e nese caso deberedes cubrir e asinar dito apartado da folla de inscrición. Deberase entregar neste caso antes do 25 de outubro.

Cando teñamos verificado o pagamento e a recepción da ficha de inscrición recibiredes un tokapp confirmando.

CARNET DA A.N.P.A

Este ano enviaremos ás familias socias un carnet acreditativo da condición de socio, de dará acceso a descontos nos comercios que vos comunicaremos en breve.

DÉBEDAS COA A.N.P.A

Calquera familia que teña débedas coa ANPA ou non presentara os xustificantes de pago requiridos non poderá nen asociarse nen apuntarse en ningunha das actividades organizadas pola ANPA, mentres non xustifique os pagos pendentes.

CONTACTO COA ANPA

Para dúbidas, consultas ou calquera aviso que queirades facernos chegar:

- Na oficina da ANPA: Por motivos sanitarios, non é posible de momento esta opción.
- Caixa de correo: Situada no edificio administrativo do centro.
- Teléfono **690.731.207**: en horario de tarde. Inclúe whatsapp e telegram.
- Correo electrónico: info@anpavilaverde.org ou anpaosvalados@gmail.com

Por outra parte podes estar ao día da información da ANPA a través das seguintes canles:

- Páxina web: www.anpavilaverde.org
- Twitter: @AnpaVilaverde
- Facebook: /ANPA.Vilaverde
- TokApp School

Participación activa na ANPA: Se algunha nai ou pai ten dispoñibilidade para colaborar na organización de actividades, ou quere entrar a formar parte da directiva da ANPA, que se poña en contacto con nos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades darán comezo o 1 de Outubro do 2021 e rematarán o 22 de Xuño do 2022. O formulario de solicitude deberá enviarse **antes do venres 24 de Setembro**. Todas as actividades teñen un número mínimo e máximo de participantes. Se non se acada o mínimo suspenderase a actividade e nos poremos en contacto cos que a solicitaron para comunicarllo.

Teredes toda a información das actividades actualizada na páxina web:

<https://www.anpavilaverde.org/actividades/actividades-extraescolares/136-actividades-extraescolares-2021-2022>

CUOTA DE MATRÍCULA NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A cota de matrícula (alta) nas actividades extraescolares é **GRATUITA para as familias socias** da ANPA. A matrícula nas actividades extraescolares por usuario é de **25€ para familias non**



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

socias. Dito pago farase durante o primeiro mes da actividade mediante transferencia á conta da ANPA

PAGAMENTO DAS ACTIVIDADES

As actividades abóanse por mensualidades.

Para a actividade de baloncesto impartida polo clube CAB o club indicará posteriormente a forma de facer o pagamento.

Para o resto de actividades, a empresa organizadora EDUCAOCIO, fará o cobro por domiciliación bancaria a mes vencido, e dicir a principios do mes seguinte o de asistencia.

ALTAS

As altas para a actividade de baloncesto farase no correo da ANPA anpaosvalados@gmail.com indicando o nome do neno/a, idade, curso, e se desexa unha hora ou dúas á semana e os datos de contacto (teléfono e email).

As altas para o resto das actividades realizarase entregando o formulario correspondente existente en <https://www.anpavilaverde.org/recursos/descargas/category/4-actividades-extraescolares?download=109:inscripcion-actividades-extraescolares-2021-2022> na caixa de correo da ANPA ou por envío por correo electrónico a anpaosvalados@gmail.com ou educaocioanimacion@hotmail.com

BAIXAS

As baixas de calquera actividade teñen que realizarse ante a entidade que organiza cada unha das actividades, o clube CAB para a actividade de baloncesto e EDUCAOCIO para o resto de actividades

E.D.M. DE MOURENTE "ANPA OS VALADOS"

Está previsto que durante o período lectivo de outubro a xuño (incluídos) terá lugar no CEIP Vilaverde a Escola Deportiva Municipal de Mourente "ANPA Os Valados".



É unha actividade deportiva dirixida a nenos de infantil e primaria, subvencionada polo Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, e o número de prazas dispoñibles é limitado. Aínda non está publicada a subvención das actividades, polo que de momento non podemos indicar cal sería o prezo con subvención.

Intégranse nela as actividades extraescolares deportivas organizadas pola ANPA:

- Baloncesto (primaria)
- Multideporte (infantil)
- Fútbol (primaria)



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

No caso de publicarse a convocatoria, actualizaríamos á baixa o prezo das actividades deportivas. A modo informativo, outros anos o desconto mensual en ditas actividades estivo sobre 5€ por alumno e actividade.

Se necesitades máis información non dubidedes en poñervos en contacto con nos .

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES OFERTADAS

Todas actividades necesitan para levarse a cabo un número mínimo de alumnos. No caso de que non se acade o número mínimo, a actividade non se levará a cabo e darase aos nenos que se apuntaron a posibilidade de apuntarse noutra actividade.

Todas as actividades están suxeitas á evolución sanitaria e contarán co seu correspondente protocolo que se integrará no protocolo do centro.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DEPORTIVAS E E.D.M. DE MOURENTE ANPA OS VALADOS

ANIMACIÓN Á LECTURA / CONTA CONTOS / LUDOTECA:

Educación infantil, unha hora o xoves de 16:00 a 17:00. 13€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de infantil, esta actividade favorecerá a creación de hábitos de lectura e escritura a través do xogo. A ludoteca é un espacio onde os nenos se divirten e aprenden a través do xogo ao mesmo tempo que desenvolven a súa imaxinación e creatividade.

MULTIDEPORTE:

Educación infantil, unha hora o venres de 16:00 a 17:00. 13€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de infantil, na que se farán actividades deportivas adaptada á idade dos participantes. No caso de publicación da convocatoria das E.D.M. polo concello esta actividade terá un desconto aproximado de 5€ mensual

BALLET:

Educación infantil, unha hora o luns de 16:00 a 17:00. 13€/mes

Primaria, unha hora o luns de 17:00 a 18:00. 13€/mes.

ROBÓTICA:

Primaria, unha hora e media o xoves de 16:00 a 17:30. 25€/mes

A robótica educativa potencia novas habilidades e competencias mediante un modelo sólido e contrastado. Foméntase no alumnado o uso da tecnoloxía de forma responsable, a comunicación, a creatividade, o espírito emprendedor e a súa curiosidade por descubrir e aprender. Dirixido a primaria.



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
 Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
 Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

FÚTBOL:

Primaria, unha hora o mércores de 16:00 a 17:00. 13€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de primaria, actividade deportiva para iniciarse / perfeccionarse no deporte. No caso de publicación da convocatoria das E.D.M. polo concello esta actividade terá un desconto aproximado de 5€ mensual

TALLER DE INTELIXENCIA EMOCIONAL:

Primaria, unha hora o martes de 16:00 a 17:00. 15€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de primaria, o obxectivo é realizar xogos e dinámicas de grupo, combinadas con técnicas psicolóxicas. Estas competencias inclúen as habilidades sociais, a empatía, a autorregulación, a conciencia dun mesmo e a motivación.

PINTURA:

Primaria, unha hora e media o venres de 16:00 a 17:30. 19€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de primaria. Inclúese o material. O alumnado realizará pequenos traballos en cada sesión e un traballo máis complexo por trimestre.

BALONCESTO:

Primaria, martes de 16:00 a 17:00 e/ou xoves de 17:00 a 18:00.

Prezo: unha hora á semana 10€/mes, dúas horas á semana 15€/mes

Actividade dirixida ao alumnado de primaria impartida polo clube CAB. Pódese apuntar ou ben unha hora ou ben dúas horas á semana.

CALENDARIO:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres			
16:00 17:00	Ballet	Taller intelig. emocional	Balon- cesto	Fútbol	Anim. Lectura, cuenta cuentos	Robótica	Multide- porte	Pintura
17:00- 18:00	Ballet			Balon- cesto				



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

Educación infantil

Primaria

OUTRAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Coma outros anos teredes outras actividades que non organiza directamente a ANPA, pero que ten prezos especiais para os socios. Para información ou apuntarse nas actividades, consultar coa entidade que a imparte. De momento non está prevista a actividade de Natación en Campolongo:

- **Natación Budo:** teñen a posibilidade dunha hora ou dúas horas á semana. Para infantil e primaria. Consultar os horarios dispoñibles e inscricións no ximnasio. Prezos por mes:
 - 1 día/semana 22€.
 - 2 días/semana 40€
- **Playing English:** organizado pola FANPA. Na web da FANPA teredes máis información. No caso do Vilaverde, as clases serán os martes e xoves en dúas quendas: de 16 a 17 e de 17 a 18. Hai a posibilidade de preparar os exames do Trinity College:
<https://www.nontedurmas.org/actividades/playing-english-para-o-curso-2021-2022/>
- **Eureka, PAE e Ábaco,** organizado pola FANPA. Tedes toda a información en <https://www.nontedurmas.org/actividades/eureka-pae-e-abaco/>
 - **Programa PAE:**. Apoio específico a nenos e nenas con NEE.
 - **Actividade de ábaco.** Para primaria
 - **Programa EUREKA:** parte da atención ás Intelixencias Múltiples, ten coma finalidade atender ás necesidades educativas e psicosociais do alumnado con altas capacidades

OUTRAS ACTIVIDADES PREVISTAS

Durante o curso escolar, a ANPA ten previsto outras actividades que serán realizadas segundo as condicións sanitarias o permitan e das que vos iremos informando:

- Descontos en comercios para socios.
- Mural no patio (tema igualdade)
- Calendarios / axenda
- Talleres, contacontos, etc para alumnado
- Charlas e talleres para nais e pais.
- Chocolatada de Nadal / Visita do Apalpador
- Cross escolar
- Campamento de fin de semana no Grove (3º-6º primaria)
- Festa de fin de curso



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente. 36164 Pontevedra
Tlf 690 731 207 www.anpavilaverde.org
anpaosvalados@gmail.com info@anpavilaverde.org

SEGURO DE ACCIDENTES

Lembrarvos que tedes a posibilidade de contratar un seguro de accidentes a través da ANPA que cubre aos nenos/as durante as actividades extraescolares e lectivas. Para os asistentes ás actividades deportivas: fútbol, multideporte,... é altamente recomendable a contratación do seguro.

Como sabedes, durante as actividades extraescolares, igual que durante as horas lectivas, os nenos non dispoñen de seguro de accidentes, xa que o único que obriga a lei, é a dispoñer de un seguro de responsabilidade civil que cubre as posibles negligencias. Os nenos están cubertos, no que atinxe á asistencia médica pola asistencia sanitaria familiar que ten para calquera tipo de enfermidade (mutua, seguridade social, etc).

Resumimos os principais aspectos:

- Están cubertos todos os accidentes que teñen que ver coas actividades organizadas pola centro e a ANPA, excursións, obradoiros e actividades, ... Quedan excluídos os accidentes da vida privada das/os alumnas/os.
- A prima anual para as/os alumnas/os é de **6 € por alumno**.
- As principais coberturas derivadas dun accidente son:
 - Falecemento e incapacidade permanente por accidente
 - Asistencia sanitaria ilimitada nos centros concertados (libre elección 1500€)
 - Próteses e asistencia dental: 1500€
 - Rotura de gafas (se o neno precisa atención médica): 300€
 - Profesor de apoio: 10 días

Para solicitalo, deberedes marcar a casíña correspondente no formulario de socio e entregar o formulario na caixa do correo da ANPA ou enviar copia por correo electrónico o antes posible. Vos informaremos con unha mensaxe cando o alumno/alumna estea incorporado á póliza.

No caso de producirse un accidente cuberto pola póliza, deberedes informar á ANPA para proceder a emitir o correspondente parte de accidente á compañía.

MAIS INFORMACIÓN

Podedes poñervos en contacto con nos se necesitades máis información ou na páxina web:

Inscrición na ANPA e seguro de accidentes:

<https://www.anpavilaverde.org/31-a-anpa/circulares/135-inscripcion-na-anpa-para-o-curso-2021-2022>

Actividades extraescolares: <https://www.anpavilaverde.org/recursos/descargas/category/4-actividades-extraescolares?download=109:inscripcion-actividades-extraescolares-2021-2022>

Servizos de madrugada e comedor: <https://www.anpavilaverde.org/12-actividades/comedor-e-madruga/134-servizos-de-madruga-e-comedor-para-o-curso-2021-2022>